

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	Agra do Orzán	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CD3AFD000100	Ensinanza e animación sociodeportiva	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1708	Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo	2024/2025	1	30	36

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO FERNÁNDEZ FRAGA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo céntrase na integración de prácticas sostibles dentro dos sistemas produtivos, có obxectivo de minimizar o impacto ambiental e promover a eficiencia dos recursos. Os recursos estrutúranse en torno a 5 exes: Evaluación do impacto ambiental, xestión de recursos, coñecemento de normativas ambientais e sistemas de certificación que garantan a sustentabilidade dos produtos e procesos, innovación e tecnoloxía e responsabilidade social corporativa promovendo prácticas responsables e ética dentro das empresas.

A finalidade é proporcionar ferramentas e coñecementos prácticos que permitan aos futuros profesionais implementar e xestionar prácticas sostibles neste caso no ámbito da actividade física e o deporte.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Conceptos e marcos de sustentabilidade	Identificación de aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en contacto o concepto de desenvolvemento sostible e os marcos internacionais que contribúen a súa consecución.	9	25
2	Retos ambientais e sociais	Retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e proposta de accións para minimizalos.	9	25
3	Aplicación de criterios de sustentabilidade	Aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e personal a través de actividades sostibles que minimicen o impacto no medioambiente.	9	25
4	Economía circular e produtos responsables.	Propostas de produtos e servizos sostibles tendo en contacto os principios da economía circular. Análisis dun plan de sustentabilidade dunha empresa do sector.	9	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Conceptos e marcos de sustentabilidade	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse o concepto de sustentabilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sustentable
CA1.2 Identifícanse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sustentable das organizacións empresariais
CA1.3 Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA1.4 Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 Identifícanse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.</p> <p>Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.</p> <p>Piares ambientais, sociais e de gobernanza transcendentales no desenvolvemento sustentable das organizacións.</p> <p>Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.</p> <p>Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.</p> <p>Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.</p> <p>Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Retos ambientais e sociais	9

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificáronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

4.2.e) Contidos

Contidos
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc.), descarbonización etc.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Aplicación de criterios de sustentabilidade	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	SI
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.2 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS
CA3.3 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA3.4 Identifícaronse as prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS
CA5.1 Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual
CA5.2 Identifícaronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA5.4 Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.5 Aplicáronse principios de ecodeseño
CA5.6 Aplicáronse estratexias sustentables
CA5.7 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 Identifícaronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.9 Aplicouse a normativa ambiental

4.3.e) Contidos

Contidos
Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.
Aplicación dos principios da economía verde e circular.
Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.
Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.
Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.
Materialización dos principios de ecodesenho nas actividades ou nos produtos sustentables.
Aplicación de estratexias sustentables.
Cumprimento de normativa ambiental.
Análise das fases do ciclo de vida do produto.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Economía circular e produtos responsables.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	SI
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustifica accións para a súa xestión e a súa medición	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Determináronse os modelos de produción e consumo actual
CA4.2 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA4.3 Identifícaronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 Aplicáronse principios de ecodeseño
CA4.6 Identifícaronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA6.1 Identifícaronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados
CA6.5 Elaborouse un informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.</p> <p>Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.</p> <p>Produtos sustentables: ecodeseño.</p> <p>Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.</p>

Contidos

Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.

Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.

Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.

Identificación dos principais grupos de interese da empresa.

Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.

Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para superar o módulo, o/a alumno/a deberá superar tódolos CA considerados mínimos exixibles.

A cualificación será resultado da suma de cada UF no seu valor porcentual e para superar tanto o trimestre coma cada UF dita cualificación deberá ser de 5 puntos.

Non se fará media por debaixo de 4 puntos nunha das probas, traballos ou presentacións realizadas en cada UF.

Cada UF atenderá a 2 porcentaxes:

50% Teoría: Presentacións oráis, traballos escritos, exames.

40% Práctica: Tarefas, talleres, proxectos.

10% Traballo no aula: Tarefas de aula, cuestionarios de aula.

As recuperacións de avaliacións no superadas se farán ao comezo da seguinte avaliación, agás na terceira avaliación que se fará nas últimas sesións da mesma.

Exames finais módulo: Xuño.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumno/a deberá entregar tódalas tarefas/traballos pendentes así coma os examen non superados. Para iso, procederase a marcar unha data no calendario para ditas actividades de recuperación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumno deberá realizar un examen que recolla os CA considerados mínimos exixibles. Tamén deberá entregar tódolos traballos que se solicitaron ao longo do curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Rexistro de actividades realizadas, con observacións sobre a participación e desenvolvemento do alumnado.
Análise de resultados nas avaliacións para identificar posibles anomalías e reconducir o proceso E-A.

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

As características do módulo permiten realizar avaliación inicial mediante debate oral sobre temas vinculados co desenvolvemento sostible para coñecer o nivel de familiarización con conceptos específicos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cuestionarios, vídeos e ampliación de prazos de entrega.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

Este módulo ten relacional directa coa educación en valores porque non só proporciona coñecemento técnicos sobre prácticas sotibles, se non que tamén formenta valores fundamentais como a responsabilidade, o

respecto polo medio ambiente e a conciencia social. Ao integrar estes principios no currículo, os estudantes aprenden a valorar a importancia do desenvolvemento equilibrado e sostible, aplicandotelas estes conceptos tanto na súa vida profesional como na personal. Deste xeito, promóvese a formación integral de futuros profesionais para contribuir positivamente na sociedade alineandose cos ODS e fomentandotela a cultura de sustentabilidade e ética no ámbito do acondicionamento físico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Taller de reciclaxe.
Proxecto de servizo no centro.

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía

As características deste módulo incitan a metodoloxías activas de colaboración e baseado en proxectos. Prácticas significativas que impliquen accións de reflexión, discusión que fomenten o pensamento crítico sobre a realidade do entorno. Faise importante os procesos de investigación onde o alumnado teña que realizar estudo de casos buscar solucións a problemas.